



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Fontes de Información Especializadas	Código	710G02024	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Web	http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G			
Descrición xeral	Esta materia ten como finalidade a identificación e coñecemento das principais fontes de información nas distintas áreas do coñecemento, así como o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa selección, utilización, xestión e avaliación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento das fontes de información máis relevantes en cada un dos grandes ámbitos de coñecemento.	A1 A4	B3	C2 C4 C5 C6 C7
Coñecemento das metodoloxías de análise e avaliación das fontes de información segundo ámbitos de coñecemento.	A3 A5 A7	B2 B3	C2 C4 C5 C6
Coñecemento da realidade nacional e internacional no relativo a produtores e servizos de información.	A1 A6	B3	C3
Utilización axeitada das diferentes ferramentas de procura da información.	A5	B2 B3 B4	C2 C5



Deseño e elaboración de recursos de información.	A3	B2	C1
	A7	B3	C2
	A8	B4	C3
		B5	C4
		B6	C5
		B7	C7
		B8	C8
		B9	C9
			C10
			C11
			C12
			C13
			C14
			C15
			C18

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade I. Fundamentos e principios	1.1 Documento, información e coñecemento. 1.2. Fontes de información: concepto, tipoloxía e avaliación. 1.3. Comportamento informacional e necesidades de información. 1.4. O traballo de referencia: concepto, evolución e método de traballo.
Unidade II. Fontes de información en Artes e Humanidades e Ciencias Sociais	2.1. Humanidades e Ciencias Sociais: disciplinas e necesidades de información 2.2. Fontes de información multidisciplinar de carácter socio-humanístico 2.3. Fontes de información en Artes e Humanidades 2.4. Fontes de información en Ciencias Sociais e Xurídicas
Unidade III. Fontes de información en Ciencias da Saúde e Ciencia e Tecnoloxía	3.1. Necesidades e usos xerais de información 3.2. Fontes de información en Ciencias da Saúde 3.3. Fontes de información en Ciencia e Tecnoloxía 3.4. Fontes de información especializadas por áreas temáticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A6 B3 C2 C3 C5 C6 C7 C8	21	0	21
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B2 B3 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12	12	33	45
Traballos tutelados	A3 A4 A5 A7 A8 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C18	3	30	33
Presentación oral	B3 B6 B7 B8 C1 C3 C10 C14	6	0	6



Proba obxectiva	A1 A3 A4 A6 B3 C2 C3 C5 C6 C7 C8	2	40	42
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos básicos da materia, elaborados e expostos pola docente, que pode apoiarse en medios audiovisuais.
Portafolios do alumno	Carpeta que reúne virtualmente (a través da plataforma moodle) os traballos dos alumnos: resumos, recensións críticas, traballos nos que demostran a capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistrais, conclusións de procuras de información utilizando as TIC por parte do grupo, correccións...
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado, de traballos autónomos, relacionados coa materia, baixo a vixilancia e seguimento da profesora.
Presentación oral	O longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos que se incluírán no portafolios.
Proba obxectiva	Método de avaliación escrita dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, puidendo combinar distintos tipos de preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva Traballos tutelados Portafolios do alumno	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Con carácter xeral, e en todas as metodoloxías aplicadas, se empregarán as titorías presenciais, o correo electrónico e a plataforma Moodle da UDC.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A1 A3 A4 A6 B3 C2 C3 C5 C6 C7 C8	Realizarase un exame final teórico-práctico sobre os contidos vistos nas sesións maxistrais e nas interactivas. Esta proba poderá combinar preguntas de resposta libre breves, preguntas tipo test, identificación e xustificación de afirmacións verdadeiras ou falsas, completar coas palabras axeitadas os espazos en branco dun texto ou oración... Na súa corrección valoraranse tanto a capacidade do alumnado para sintetizar, desenvolver, comparar ou relacionar de forma autónoma o contido teórico-práctico da materia, como a expresión, corrección ortográfica e presentación.	40
Traballos tutelados	A3 A4 A5 A7 A8 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C8 C9 C10 C11 C12 C13 C14 C15 C18	As instrucións precisas serán proporcionadas pola docente ao comezo do curso. Con carácter xeral, valorarase a adecuación do traballo presentado ao tema proposto, o contido, a coherencia da súa estrutura, a redacción e a presentación entre outros criterios que poderán engadirse no momento de presentar a actividade aos alumnos. Poderá solicitarse a súa exposición na aula. Non serán avaliados os traballos presentados fóra de prazo.	30



Presentación oral	B3 B6 B7 B8 C1 C3 C10 C14	Terase en conta a participación nas aulas expoñendo o traballo propio e outras achegas de interese por parte dos estudantes reflexionando sobre os temas propostos pola profesora ou plantexando dúbidas de forma constructiva.	10
Portafolios do alumno	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 B2 B3 B6 B7 B9 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 C10 C11 C12	Valorarase adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, as achegas por parte dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e presentación. Poderán especificarse outros criterios de avaliación particulares no momento da presentación das actividades aos alumnos. Non se avaliarán actividades presentadas fora de prazo, con faltas de ortografía ou que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	20

Observacións avaliación



PRIMEIRA OPORTUNIDADE Para aprobar a materia é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación. Será imprescindible obter un mínimo de 5 sobre 10 na proba obxectiva, de non ser así a nota global da materia non será superior a un 4,9. Cada un dos traballos do portafolios cualificaranse cunha nota sobre 10 e farán media aritmética entre elas. De ser entregados fora de prazo ou copiados os traballos serán considerados como non presentados e serán cualificados cun 0. Este será tamén o caso dos traballos tutelados non consensuados coa profesora no prazo que se establezca. **SEGUNDA OPORTUNIDADE:** Poderán presentarse á segunda oportunidade unicamente os estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Respectaranse as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas. Será obrigatorio comunicar á profesora cómo se abordará á avaliación nesta segunda oportunidade. Será obrigatorio presentar o traballo tutelado e portafolios como mínimo 15 días antes da data fixada para a proba obxectiva. Para presentarse ao exame é requisito imprescindible ter presentado previamente o traballo tutelado e portafolios. **ALUMNOS CON ADICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:**

Terán que acordar unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo axeitado. Terán que decidir se se acollen aos prazos de presentación de traballos que serán comunicados ao longo do curso a través de plataforma Moodle ou se realizan unha entrega final de todos os traballos conxuntamente como mínimo 15 días antes da proba obxectiva á que desexan presentarse. Poderán ser dispensados da participación nas aulas (o 10% de "presentación oral"), tendo neste caso a proba obxectiva o valor do 50%.



Bibliografía básica

- ABADAL FALGUERAS, Ernest; CODINA BONILLA, Lluís (2005). Bases de datos documentales: características, funciones y métodos. Madrid: Síntesis
- ALIA MIRANDA, Francisco (1998). Fuentes de información para historiadores. Gijón: Trea
- ARRIZO, Gloria; IRURETA-GOYENA, Pilar; LOPEZ DE QUINTANA, Eugenio (2000). Manual de fuentes de información, 2ª ed. Madrid: CEGAL
- BUCKLAND, M. D (1997). What is a ? Document`?. Journal of the American Society for Information Science, 48(9): 804-809
- CAPURRO, R. ; HJORLAND, B (2001). The Concept of Information. Annual Review of Information Science & Technology, 37, 343-411
- CHAÍN NAVARRO, Celia (1995). Introducción a la gestión y recursos de información en ciencia y tecnología. Murcia: Universidad
- CID LEAL, Pilar; PERPINYÀ MORERA, Remei (2013). Cómo y donde buscar fuentes de información . Bellaterra, Cerdanyola del Vallès : Universitat Autònoma de Barcelona, Servei de Publicacions
- CODINA BONILLA, Lluís (). Análisis y métodos en Ciencias de la Información. <http://www.lluiscodina.com/>
- CORDÓN GARCÍA, José Antonio; LÓPEZ LUCAS, Jesús; VAQUERO PULIDO, José Raúl (2001). Manual de investigación bibliográfica y documental: teoría y práctica. Madrid: Pirámide
- CORDÓN GARCÍA, José Antonio et al. (2016). Las nuevas fuentes de información. La búsqueda informativa, documental y de investigación en el ámbito digital. Madrid: Pirámide
- FERRAN FERRER, Núria; PÉREZ-MONTORO, Mario (2009). Búsqueda y recuperación de la información. Barcelona: UOC
- GALLEGO LORENZO, Josefa; JUNCÀ CAMPDEPARDÓS, Manuela (2009). Fuentes de información. http://ocw.uoc.edu/informacio-i-comunicacio/fonts-dinformacio-i/Course_listing
- GÓMEZ DÍAZ, R., GARCÍA RODRÍGUEZ, A., CORDÓN GARCÍA, J. A. (2017). Fuentes especializadas en Ciencias Sociales y Humanidades. Madrid: Pirámide
- KATZ, William (1997). Introduction to reference work(7th ed.) . New York : McGraw-Hill
- MALDONADO, Ángeles; RODRÍGUEZ YUNTA, Luís (coord.) (2006). La información especializada en Internet. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas
- MELNIK, D. (2006). Principios de referencia: fuentes y servicios de consulta. Buenos Aires: Alfagrama
- MERLO VEGA, José Antonio (2009). Información y referencia en entornos digitales: desarrollo de los servicios bibliotecarios de consulta. Murcia: Universidad de Murcia
- MONFASANI, E. (2013). Bibliotecarios, usuarios y gestión del conocimiento. Buenos Aires: Alfagrama
- MOREIRO GONZÁLEZ, José Antonio (2005). Conceptos introductorios al estudio de la información documental. Salvador (Bahía) : EDUFBA ; Lima : Pontificia Universidad Católica del Perú
- OTLET, Paul (2007). El tratado de documentación : el libro sobre el libro : teoría y práctica(trad. María Dolores Ayuso García) (2ª ed),. Murcia : Universidad de Murcia, Servicio de Publicaciones
- RODRÍGUEZ BRAVO, Blanca (2002). El documento: entre la tradición y la renovación. Gijón: TREA
- TORRES. Isabel de (coord) (2000). Las fuentes de información: ejercicios teórico práctico. Madrid: Síntesis



Bibliografía complementaria	Incluye documentos para las diversas áreas de conocimiento y bibliografías específicas, entre otros se consultarán: ASIMOV, Isaac (1986): Introducción a la ciencia (traducción, Jorge de Orus y Manuel Vázquez), Barcelona : Orbis CAMPÀS MONTANER, Joan; Teresa MUÑOZ LLORET y Jaume BUSQUETS FÀBREGAS (2002): Introducción a las humanidades, Barcelona : Planeta UOCARRIZO SAINERO, Gloria (2000): La información en ciencias sociales, Gijón : Trea CORDERO HUERTAS, Gabriel (2004): Qué es la ciencia social : breve introducción a problemas metodológicos e interpretativos , Huelva : YbriFORD, Simon (ed.) (2001): Information sources in art, art history and design, München : Saur, 2001. GARRIGÓS Oltra et al (1996): Introducción a la historia de la ciencia y la técnica , Valencia : Universidad Politécnica de Valencia, Servicio de Publicaciones GRIBBIN, John (2000): Introducción a la ciencia: una guía para todos (o casi) (con la colaboración de Mary Gribbin ; traducción castellana de Mercedes García Garmilla), Barcelona : Crítica HALL, Linda D. (2006): Encyclopedia of business information sources, Detroit : Thomson Gale LÓPEZ PIÑERO, José María y María Luz TERRADA FERRANDIS (2000): Introducción a la medicina, Barcelona : Crítica PALOMARES PERRAULT, Rocío y Carmen GÓMEZ CAMARERO (2002): Fuentes de información de publicidad y comunicación audiovisual, Málaga: Universidad de Málaga, Servicio de Publicaciones PÉREZ PINO, Armando et.al. (1989): Introducción general a las humanidades: historia, filosofía, literatura, arte, música, Madrid : Playor
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Xestión da Información Fundamentos e Teoría/710G02073

Bibliografía e Fontes de Información/710G02014

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Documentación en Medios de Comunicación/710G02043

Bibliotecas Dixitais/710G02036

Fontes de Información en Ciencia e Tecnoloxía/710G02037

Deseño de Recursos Informativos en Web/710G02039

Recuperación e Avaliación de Información Electrónica/710G02040

Observacións

Recoméndase tamén aos alumnos que non poidan asistir á aulas regularmente que non contengan un recoñecemento legal da súa situación que acorden unha titoría nas dúas primeiras semanas de clase co fin de establecer un plan de traballo axeitado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías